

**ACONDICIONAMENTO DO TREITO ANTIGO DA PO-400
EN RODO (CRECENTE)**

CLAVE: PO/23/090.10

1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a definición das obras que han de realizarse para o acondicionamento dun tramo antigo entre os pp.qq. 26+430 e 26+750 da estrada PO-400. A actuación discorre polo lugar de O Rodo, no concello de Crecente, provincia de Pontevedra.

2. Plan de Estradas

A estrada PO-400 encadrase na rede Local da Rede de Estradas da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

Propónse a ampliación da calzada e a incorporación de beirarrúas en ambas marxes do p.q. 0+080 ao 0+180 e nunha soa marxe no resto do treito, creando un itinerario continuo.

Complementando o anterior:

- Organizarase a circulación, facendo que o tramo entre os pp.qq. 0+000-0+100 sexa de sentido único e o tramo p.q.0 +100-0+400 circulación bidireccional,
- Incorporarase unha franxa de prazas de aparcamento na zona de merendeiro,
- Trasladarase a parada de autobús ao p.q. 0+050 do tramo antigo: o autobús incorporarase ao tramo antigo polo p.q. 0+000, e reincorporarase á estrada xeral a través do enlace do p.q. 0+100; Esta parada de autobús contará cunha nova marquesiña (modelo rural da Xunta de Galicia),
- Mellorarase o enlace coa estrada xeral no p.q. 0+400, e a rede de servizos públicos, dotando esta vía de: cuneta de servizo de telecomunicacións, rede de abastecemento, rede de pluviais e rede de alumeadado público canalizado con farolas,
- Os arredores do merendeiro dotaranse de bancos e papeleiras .

4. Características técnicas

Trazado:

Modificarase o trazado do eixo en planta e a sección tipo.

Sección tipo:

- Carrís: Un carril por sentido do pp.qq. 0+000 ao 0+090 e dous do pp.qq. 0+040 ao 0+400, de ancho variable (3,00 3,25 m)
- Beirarrúas nas 2 marxes do p.q. 0+080 ao 0+180 e nunha marxe no resto do treito, ancho variable (1,80+bordo - 2,50+bordo)
- Aparcadoiros: de 2,50 m de ancho (en liña) e 5,70 m (en batería)
- Beiravías 2 x 0,50 m

Estruturas:

- Executaranse varios muros de fábrica para alturas de ata 0,80, e muros de formigón armada para alturas superiores.

No pq 0+230 ampliarase o pontón existente.

Drenaxe:

Executarase unha rede de pluviais con tubos de PVC de entre 200 e 400 mm de Ø., executarase unha gabia trapezoidal e ampliarase a obra de drenaxe existente no pq 0+230.

Firmes e pavimentos:

Senda de formigón Nova explanada de 55 cm de solo seleccionado, e 15 cm de saburra artificial, 16 cm de formigón armado con mallazo (150x150x10 ou 16 mm), dos cales os 6 cm superficiais en cor terrizo.

Nos vados e parada de bus executarase os rebaixas necesarios e utilizarase sobre 55 cm de solo seleccionado, 10 cm de HM-20 e baldosa podotáctil en cor diferenciado.

Vial de nova execución: 25 cm de saburra artificial + 5 cm de MBQ tipoAC22 SURF BC50/70S. Entre as distintas capas aplicaranse ademais as correspondentes regas de adherencia tipo C60B3 TER e de imprimación tipo C50BF4 IMP.

Rehabilitación superficial do firme existente: fresado de 3 cm + 3 cm de mestura bituminosa descontínua en quente tipo BBTM11A PMB45/80-60 ademais das correspondentes regas

5. Poboación Servida

Crecente 1.978 hab.

TOTAL: 1.978 hab.

6. Concellos Afectados

Crecente

7. Expropiacións

Parcelas afectadas 2 parcelas (28 m² todos) no concello de Crecente

Expropiación de terreos 420,00 €

Expropiación de bens afectados 100,00 €

Premio de afección 26,00 €

TOTAL 546,00€

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de SEIS (6) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 555.166,37 €



Orzamento para Expropiacións 546,00 €

Orzamento para coñecemento da administración 555.712,37 €

10. Orzamentos por concello


<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
Crecente	PO-400	555.712,37 €	100

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES

SECCIÓN TIPO PK.0+000-PK.0+100



SECCIÓN TIPO PK.0+100-PK.0+400

